



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias (Xefe Territorial)

VOCAIS

Amalia Eslla Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da provincia)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia)

Lorena Peiteado Pérez (Letrada da Xunta de Galicia)

VOCAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE SANTA MARIA DE FORA (Baiona)

Manuel Antonio González Marcote
Jesús Cedeira Carneiro

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo
(Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:00 horas do día 22/06/2020, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2º andar do Edificio Administrativo sito no nº 43 da Avda María Victoria Moreno o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado “COVA TERREÑA” solicitado a prol dos veciños da CMVMC de Santa María de Fora, da parroquia de Santa María de Fora (Baiona)

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. O 18.9.2018, Rubén Panadero Piñeiro en representación da CMVMC de Santa María de Fora, solicita a clasificación como veciñal en man común da parcela Cova Terreña a favor dos veciños da parroquia, coa seguinte descrición:

Concello: Baiona

Parroquia: Santa María de Fora

Nome do monte: Cova Terreña

Cabida: 7.969,33 m² (superficie alegada na solicitude)

Ref.Catastral:

54003A015000220000HW

Estremas:

Norte	Poligono	Parcela	Titular
	-----	-----	Vía asfaltada do barrio da Anunciada
Sur	15	23	Roberto González Varela
Leste	15	25 e 34	Monte veciñal en man común de Baiona
Oeste	19	8	Carolina Trigo Pereira (camiño Longueiriña-Baiona 73) ref. Catastral 2428901NG1622N0001SG

Coa solicitude xunta un informe pericial asinado por un enxeñeiro de montes no que informa o seguinte:

Nos emolumentos do común da Vila de Baiona do Catastro do Marqués da Ensenada aparece nomeada unha porción do terreo localizado no lugar de Covaterreña de monte comunal

Estudio da evolución das ortofotos históricas que confirman un uso forestal e evidencian a continuidade do seu aproveitamento polos veciños de Santa María de Fóra

Título de propiedade de Carolina Trigo Pereira que indica que linda no vento Leste co monte veciñal

Certificación da inscrición no inventario de bens municipais do concello de Baiona

Certificacións catastrais das parcelas estremeiras.

Informe de validación gráfica catastral (informe catastral negativo por afectar a unha vía urbana de dominio público)

Segundo. O 16.10.2018, o xefe da Sección de Topografía informa da posibilidade de identificación da parcela Cova Terreña de 7.969 m², da non afección a montes de Utilidade Pública, nin patrimoniais, nin Rede Natura 2000. Que o terreo solicitado está sen clasificar. Así mesmo xunta montaxe da parcela Cova Terreña sobre ortofoto e catastro que corresponde parcialmente co polígono 15 e a parcela 22, inclúe os camiños 9007 e 9001 e parte da referencia catastral 2428905NG1622N.

Terceiro. O 26.3.2019, o Xurado de Montes acorda incoar expediente de clasificación da parcela Cova Terreña e nomear instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notifícase o 28.3.2019 ao Concello de Baiona e ao promotor de clasificación.

Cuarto. O 31.7.2019, a xefa da Área de montes veciñais en man común emite informe preceptivo do Servizo de Montes:

1. A parcela solicitada corresponde coa maior parte da parcela 54003A01500022 e un anaco da parcela 2428905NG1622N de titularidade do concello de Baiona.

A parcela 54003A01500022 é estremeira coas parcelas catastrais 54003A01500034 e 54003A01500025 a nome da CMVMC de Santa María de Fóra, que ten continuidade con outras parcelas catastrais tamén a nome da comunidade.



A comunidade de Santa. María de Fóra non está deslindada, polo que as súas extremas non están definidas.

2. Perfectamente delimitada pola parede exterior dos rochos das vivendas da parcela 2428905NG1622N, postes de metal cun arame, peche da parcela 2428901NG1622N e 54003A01900008 (postes de formigón), que continúa ata chegar a uns afloramentos rochosos que cruzan o camiño e continua por muro ou restos de muro de pedra de granito .

3. A vexetación existente é a resultante do incendio sufrido no ano 2017.

O estrato arborado formado fundamentalmente por dous carballos e unha sobreira, rebrotos de eucalipto e dous pinos e varios eucaliptos secos .

O estrato arbustivo e subarbustivo formado fundamentalmente por xestas e fentos.

4. Non se aprecia ningún uso definido.

Quinto. O 14.08.2019, o Rexistro da Propiedade número 4 de Vigo certifica que a finca da que se insta a clasificación, coa información facilitada, non se atopa inscrita no Rexistro. Ordénase a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade número 4 de Vigo, notifícase o trámite de audiencia, publícase edicto no concello de Baiona e no DOG o anuncio do 5 de setembro de 2019 polo que se inicia a clasificación do monte Cova Terreña a favor da CMVMC de Santa María de Fóra, na parroquia de Baiona (Santa María de Fóra), do concello de Baiona (DOG núm.184, do 27 de setembro).

Sexto. Dentro do período do trámite de audiencia non se reciben alegacións. Se ben, o 07.10.2019 a CMVMC de Santa María de Fóra achega en síntese a seguinte alegación ao informe preceptivo do Servizo de Montes: Que na parcela Cova Terreña realizáronse labores de poda e mantemento no ano 2007 e no ano 2019 realízase a limpeza e plantación de 10 tileiros, 10 carballos americanos, 10 bidueiros e 5 albedros (achégase facturas e reportaxe fotográfico).

Sétimo. O persoal do distrito forestal Vigo-Baixo Miño comproba que dentro da parcela Cova Terreña existe a plantación alegada pola promotora da clasificación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Primeira. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segunda. De conformidade co artigo 1 do referido texto normativo e o artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro: <Son montes veciñais en man común e rexeranse por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando de xeito consuetudinario en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños > .

Deste xeito, para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só no pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditado o aproveitamento mancomunado dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

Terceira. O uso ou aproveitamento en man común do monte Cova Terreña queda suficientemente acreditado pola documentación achegada nas porcións das referencias catastrais 54003A01500022 e 2428905NG1622N (esta última segundo o informe do Servizo de Montes perfectamente delimitada con postes e arame das vivendas estremeiras). Se ben, débese excluír da clasificación unha porción de camiño público (54003A01509001 e 54003A01909007).

Finalmente, o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVMC da parcela Cova Terreña, de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas, demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Santa María de Baiona, Concello de Baiona.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, o Xurado Provincial por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

Clasificar como veciñal en man común o monte Cova Terreña a favor dos veciños da CMVMC de Santa María de Fora, na parroquia de Santa María de Fora, concello de Baiona (Pontevedra) e de acordo coa descrición reflectida no feito primeiro e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Handwritten signatures in green and purple ink, located below the official stamp.

512000 512200 512400 512600

4662800


4662600

4662800

4662600

Carta: Secretaría do Xurado Provincial de INVMU de Pontevedra
Data e hora: 26/06/2020 09:05:09

verificaci: https://sece.xunta.gal/cve



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Clasificación de Cova Terreña
 CMVMC de Sta. María de For. Baiona

Pontevedra Escala 1:2.000 (etrs.89) Xuño 2020

Handwritten signature in green ink

Handwritten signature in blue ink

512000 512200 512400 512600